

## **RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA, POLA QUE SE CONVOCAN POSTOS PARA SÚA PROVISIÓN TEMPORAL MEDIANTE O SISTEMA DE SUBSTITUCIÓN**

A Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial dispón no seu artigo 527.2 que con carácter excepcional poderán ser cubertos temporalmente mediante substitución os postos de traballo que se atopen vacantes ou cando o seu titular estea ausente.

O Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, ditado en desenvolvemento do previsto na Lei Orgánica do Poder Xudicial, regula no seu artigo 74 as substitucións.

Así mesmo, e no exercicio das súas competencias, por parte da comunidade autónoma de Galicia ditouse a Resolución do 18 de maio de 2022, pola que se regulan as substitucións entre persoal funcionario no ámbito da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada pola Resolución do 10 de outubro de 2024.

O artigo 1 da dita resolución establece: "Esta resolución ten por obxecto regular a provisión de forma temporal, mediante substitucións, dos postos de traballo reservados ao persoal funcionario integrante dos corpos ou escalas xerais ao servizo de Administración de Xustiza – corpos de xestión procesual e administrativa, de tramitación procesual e administrativa e mais de auxilio xudicial– que presten os seus servizos na Administración de Xustiza en Galicia, cando estes postos se atopen vacantes ou o seu titular estea ausente en períodos de longa duración".

Producida a desocupación de diversos postos susceptibles de cobertura mediante substitución entre titulares, procede anunciar a convocatoria para a súa provisión temporal, de acordo co previsto nos artigos sete e oito da Resolución do 18 de maio de 2022, pola que se regulan as substitucións entre persoal funcionario no ámbito da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada pola Resolución do 10 de outubro de 2024.



## **BASES DA CONVOCATORIA**

### **PRIMEIRA. Destinatarios/as**

Persoal funcionario de carreira dos corpos e escalas xerais ao servizo da Administración de xustiza con destino en órganos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que estea en situación de activo en xulgados, tribunais, fiscalías ou outros órganos da Administración de Xustiza.

O persoal funcionario que na data da respectiva convocatoria estea a desempeñar un posto en comisión de servizos ou substitución poderá participar na dita convocatoria sempre que leve máis de seis meses na comisión de servizos ou substitución respectiva.

### **SEGUNDA.- Postos de traballo ofertados**

Os relacionados no Anexo I, coa indicación da causa que motiva a ausencia do seu titular, e o posto singularizado relacionado no Anexo II, para o cal se indican os requisitos e os criterios de adxudicación.

### **TERCEIRA.- Solicitudes**

1. Temporalmente non estará dispoñible a opción de solicitude a través da OPAX, polo tanto as solicitudes conforme ao Anexo II da Resolución do 18 de maio de 2022, e se for o caso a documentación ou alegacións, deberán presentarse na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) mediante o modelo de solicitude xenérica co código PR004A.
2. O prazo de presentación de solicitudes será de TRES DÍAS hábiles desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución na intranet de Xustiza e na web da Consellería.

### **CUARTA.- Recursos**

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso de reposición ante o director xeral de xustiza no prazo dun mes (arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano xudicial competente no prazo de dous meses (art. 14 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

O Director Xeral de Xustiza  
José Tronchoni Albert



## ANEXO I

|                                         |                                               |        |      |
|-----------------------------------------|-----------------------------------------------|--------|------|
| <b>Órgano xudicial da desocupación:</b> | <b>T.S.X. Servizo Común de Apoio A Coruña</b> |        |      |
| Motivo da desocupación:                 | Excedencia                                    | Corpo: | CXPA |

|                                         |                                      |        |      |
|-----------------------------------------|--------------------------------------|--------|------|
| <b>Órgano xudicial da desocupación:</b> | <b>Xdo. Instrución n. 6 A Coruña</b> |        |      |
| Motivo da desocupación:                 | Liberación sindical                  | Corpo: | CXPA |

|                                         |                                     |        |      |
|-----------------------------------------|-------------------------------------|--------|------|
| <b>Órgano xudicial da desocupación:</b> | <b>Xdo. do Social n. 6 A Coruña</b> |        |      |
| Motivo da desocupación:                 | Comisión de servizos                | Corpo: | CTPA |

|                                         |                          |        |      |
|-----------------------------------------|--------------------------|--------|------|
| <b>Órgano xudicial da desocupación:</b> | <b>Decanato A Coruña</b> |        |      |
| Motivo da desocupación:                 | Comisión de servizos     | Corpo: | CTPA |

|                                         |                                                      |        |      |
|-----------------------------------------|------------------------------------------------------|--------|------|
| <b>Órgano xudicial da desocupación:</b> | <b>Xdo. 1ª Instancia n. 1 Santiago de Compostela</b> |        |      |
| Motivo da desocupación:                 | Comisión de servizos                                 | Corpo: | CTPA |

|                                         |                                                    |        |      |
|-----------------------------------------|----------------------------------------------------|--------|------|
| <b>Órgano xudicial da desocupación:</b> | <b>Servizo Común de Tramitación do TI de Ordes</b> |        |      |
| Código do posto                         | XG9258000015059603                                 |        |      |
| Motivo da desocupación:                 | Licenza por enfermidade                            | Corpo: | CXPA |

|                                         |                                     |        |      |
|-----------------------------------------|-------------------------------------|--------|------|
| <b>Órgano xudicial da desocupación:</b> | <b>Oficina de Xustiza de Melide</b> |        |      |
| Código do posto                         | XG9258400015046501                  |        |      |
| Motivo da desocupación:                 | Comisión de servizos                | Corpo: | CXPA |

|                                         |                                 |        |      |
|-----------------------------------------|---------------------------------|--------|------|
| <b>Órgano xudicial da desocupación:</b> | <b>Xdo. do Social n. 1 Lugo</b> |        |      |
| Motivo da desocupación:                 | Comisión de servizos            | Corpo: | CXPA |

|                                         |                                                                         |        |      |
|-----------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------|--------|------|
| <b>Órgano xudicial da desocupación:</b> | <b>Servizo Común de Tramitación do Tribunal de Instancia de Viveiro</b> |        |      |
| Código do posto                         | XG9258000027066702                                                      |        |      |
| Motivo da desocupación:                 | Vacante                                                                 | Corpo: | CTPA |

|                                         |                                                      |        |      |
|-----------------------------------------|------------------------------------------------------|--------|------|
| <b>Órgano xudicial da desocupación:</b> | <b>Oficina Xeral do Rexistro Civil da Fonsagrada</b> |        |      |
| Código do posto:                        | XG9258100027018601                                   |        |      |
| Motivo da desocupación:                 | Vacante                                              | Corpo: | CXPA |



|                                         |                                                           |        |      |
|-----------------------------------------|-----------------------------------------------------------|--------|------|
| <b>Órgano xudicial da desocupación:</b> | <b>Oficina Xeral do Rexistro Civil da Pobra de Trives</b> |        |      |
| Código do posto                         | XG9258100032063601                                        |        |      |
| Motivo da desocupación:                 | Vacante                                                   | Corpo: | CXPA |

|                                         |                                                          |        |      |
|-----------------------------------------|----------------------------------------------------------|--------|------|
| <b>Órgano xudicial da desocupación:</b> | <b>Oficina Xeral do Rexistro Civil de Xinzo de Limia</b> |        |      |
| Código do posto                         | XG9258100032063601                                       |        |      |
| Motivo da desocupación:                 | Excedencia                                               | Corpo: | CXPA |

|                                         |                                                                                |        |      |
|-----------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------|--------|------|
| <b>Órgano xudicial da desocupación:</b> | <b>Servizo Común de Tramitación do Tribunal de Instancia de Xinzo de Limia</b> |        |      |
| Código do posto                         | XG9258000032032701                                                             |        |      |
| Motivo da desocupación:                 | Vacante                                                                        | Corpo: | CTPA |

|                                         |                                  |        |     |
|-----------------------------------------|----------------------------------|--------|-----|
| <b>Órgano xudicial da desocupación:</b> | <b>Xdo. Instrución n. 8 Vigo</b> |        |     |
| Motivo da desocupación:                 | Liberación sindical              | Corpo: | CAX |

|                                         |                                          |        |     |
|-----------------------------------------|------------------------------------------|--------|-----|
| <b>Órgano xudicial da desocupación:</b> | <b>Xdo. 1ª Instancia n. 4 Pontevedra</b> |        |     |
| Motivo da desocupación:                 | Vacante                                  | Corpo: | CAX |

|                                         |                                       |        |      |
|-----------------------------------------|---------------------------------------|--------|------|
| <b>Órgano xudicial da desocupación:</b> | <b>Fiscalía Provincial Pontevedra</b> |        |      |
| Motivo da desocupación:                 | Comisión servizos                     | Corpo: | CTPA |

|                                         |                                                                                   |        |      |
|-----------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------|--------|------|
| <b>Órgano xudicial da desocupación:</b> | <b>Decanato. Servizo Común de Atención á Cidadanía e Asistencia á Vítima Vigo</b> |        |      |
| Motivo da desocupación:                 | Licenza por enfermidade                                                           | Corpo: | CTPA |

|                                         |                                                                       |        |      |
|-----------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------|--------|------|
| <b>Órgano xudicial da desocupación:</b> | <b>Servizo Común de Tramitación do Tribunal de Instancia de Lalín</b> |        |      |
| Código do posto:                        | XG9258000036024701                                                    |        |      |
| Motivo da desocupación:                 | Vacante                                                               | Corpo: | CTPA |



## ANEXO II

|                                         |                                                   |
|-----------------------------------------|---------------------------------------------------|
| <b>Órgano xudicial da desocupación:</b> | <b>Fiscalía de Área de Santiago de Compostela</b> |
| Posto                                   | Coordinador/a da Oficina de Fiscalía II           |
| Corpo de adscrición                     | Xestión procesual e administrativa                |
| Motivo da desocupación                  | Vacante                                           |

### Requisitos

Será requisito indispensable estar en activo no corpo ao que figura adscrita a praza na correspondente relación de postos de traballo

### Criterios de adxudicación do posto

#### A. Primeira fase: valoración de méritos xerais, cun máximo de 65 puntos

##### 1. Antigüidade.

Polos servizos efectivos no corpo de adscrición do posto de traballo a que se opta, outorgaranse 2 puntos por cada ano completo de servizos, computándose proporcionalmente os períodos inferiores por meses ou, de ser o caso, por días. Para estes efectos os meses consideraranse de 30 días e a puntuación correspondente por día será de 0,0055556 puntos.

A puntuación máxima por este concepto será de 53 puntos.

##### 2. Coñecementos da lingua galega.

A acreditación de coñecementos da lingua galega realizarase mediante os certificados de aptitude emitidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ou pola Dirección Xeral de Xustiza, ou mediante certificados ou diplomas equiparados segundo a normativa vixente. A puntuación asignarase en función do nivel superior alcanzado:

- a) Celga 4 ou equivalente: 4 puntos.
- b) Curso medio de linguaxe xurídica galega: 8 puntos.



c) Curso superior de linguaxe xurídica galega: 12 puntos.

## **B. Segunda fase: valoración dos méritos específicos, cun máximo de 43 puntos**

1. Coñecementos e experiencia profesional: a puntuación máxima será de 40 puntos.

Os coñecementos e experiencia profesional deberán ser acreditados, e baremaranse do seguinte xeito:

a) Polos servizos efectivos prestados en fiscalía no corpo de adscrición do posto de traballo a que se opta, outorgaranse 4 puntos por cada ano completo de servizos prestados nos 5 anos inmediatamente anteriores á presente convocatoria. Para estes efectos computaranse proporcionalmente os períodos inferiores por meses ou, de ser o caso, por días; os meses consideraranse de 30 días e a puntuación correspondente por día será de 0,0111111 puntos.

b) Polos servizos efectivos prestados en fiscalía no corpo de adscrición do posto de traballo a que se opta non baremables de conformidade co apartado anterior, outorgarase 1 punto por cada ano completo de servizos, ata un máximo de 20 puntos. Para estes efectos computaranse proporcionalmente os períodos inferiores por meses ou, de ser o caso, por días; os meses consideraranse de 30 días e a puntuación correspondente por día será de 0,0027778 puntos.

2. Formación específica e titulación: 3 puntos.

Valorarase a formación específica e titulación incluídas na relación de postos de traballo

